

CIRCULAR nº5

Asunto: CIRCULAR POLA QUE SE ACORDA A PRÓRROGA DOS CERTIFICADOS DE FAMILIA MONOPOPARENTAL

DE: DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA (DXFIDD). CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE. XUNTA DE GALICIA

PARA: SERVIZO DE APOIO Á FAMILIA, Á INFANCIA E Á ADOLESCENCIA DA DXFIDD





De acordo co establecido no artigo 13 da lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, na súa redacción actual, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- b) As familias formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.
- c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

Para os efectos previstos neste artigo, teñen a mesma consideración que o fillo ou a filla:

- a) As persoas unidas ao único proxenitor ou proxenitora por razón de tutela ou acollemento.
- b) O concibido ou a concibida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña maior beneficio.

A condición de familia monoparental vai asociada ao recoñecemento de beneficios sociais a estas familias de especial consideración en materia de actividades e servizos públicos ou de interese xeral, para o que deben contar co dito certificado en vigor.



A modificación operada no artigo 13 pola lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia, flexibiliza e amplía o concepto de familia monoparental. iso supuxo un incremento no número de solicitudes a partir do 10 de febreiro de 2021, data de entrada en vigor da dita norma.

A renovación do certificado con carácter anual supoñía unha elevada carga de traballo para a Administración que debe dar unha resposta áxil ás solicitudes presentadas e un prexuízo para as familias que vían reducida a vixencia do seu certificado, coa obriga de renvalo anualmente se queren gozar dos beneficios asociados ao dito recoñecemento.

Esto motivou a aprobación da circular nº 4, do 1 de abril de 2023, que amplía de un a dous anos a vixencia dos certificados de familia monoparental solicitados a partir desa mesma data.

Porén, a necesidade de renovación dos certificados expedidos con anterioridade a esta data, que tiñan un prazo de vixencia dun ano, supón unha dificultade para as familias que veñen obrigadas a realizar este trámite administrativo e ven demorada a súa renovación, co conseguinte prexuízo que isto pode ocasionar no acceso ás vantaxes e beneficios que leva aparellada a dita consideración de familia monoparental no acceso aos distintos servizos e prestacións.

Esta circunstancia, unida á incerteza xerada polos cambios na normativa estatal previstos nesta materia, determina a necesidade da Administración de establecer mecanismos destinados a facilitar ás familias monoparentais a tramitación da renovación e minimizar o impacto negativo que pode supoñer





para elas a perda de dereitos e beneficios que lle corresponden en virtude do seu certificado de familia monoparental.

Con este fin, en virtude desta circular, esta Dirección Xeral amplia a vixencia por dous anos de todos os certificados de familia monoparental cuxa caducidade se produza entre o 01/04/2023 e o 31/12/2023, sen prexuízo da obriga das persoas titulares do certificado de comunicar os cambios nas súas circunstancias que poidan supoñer unha modificación ou extinción do seu dereito ao dito certificado.

En consecuencia, todos os certificados de familia monoparental expedidos pola Xunta de Galicia cuxa data de caducidade se produza entre o 01/04/2023 e o 31/12/2023, ambos inclusive, pasan a ter unha nova data de caducidade que é dous anos posterior á data de caducidade fixada no certificado.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo Rey Sastre

